

Terceira Proba: Exercicio Práctico. 5 de febreiro de 2025. Datos do candidato:

Nome: _____ Apelidos: _____

DNI: _____


Data: _____

Tempo total da proba 120 minutos. O tempo comezará a contar a partir de que o candidato indique que entende todas as preguntas formuladas. A puntuación deste exercicio será de 0 a 35 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

Parte 1. Ensamblado dunha Placa de Circuito Impreso con compoñentes de soldadura pasante simples e de montaxe superficial de extrema densidade (18 puntos):


O candidato contará a súa disposición co equipamento da USC, en concreto:

- Equipo de serigrafía *FRITSCH printALL210*
- Forno de soldadura de tecnoloxía fase vapor *ASSCON VP510*

<p><i>Equipo de serigrafía FRITSCH printALL210. Forno de soldadura ASSCON VP510</i></p>	
---	--

O tribunal proporcionará ao candidato:

- Placa de Circuito Impreso
- Padrón (*Stencil*) de dispensación de pasta de soldadura
- Un conector de montaxe superficial de extrema densidade de contactos VITA 57.1 FMC (negro)
- Dous conectores de servizos de montaxe pasante (verdes)

<p><i>Placa Circuito Impreso, Stencil, 3 conectores a montar</i></p>	
--	--

Valorarase:


- A aplicación da pasta de soldadura (**6 puntos**)
- Ausencia de cortocircuitos nos contactos dos conectores (**6 puntos**)
- Continuidade entre conectores (**6 puntos**)

Fotografías da montaxe final:

Parte 2. Unións por micro-soldadura de fío con equipo dual wedge e ball bonder, MPP (Micro Point Pro) iBond5000 Dual (17 puntos):

O tribunal subministrará as seguintes pezas e equipo:

*Placa cerámica con 11 réplicas de
deseño para probas de micro-
soldadura con fío en pads de ouro.
Equipo dual wedge e ball bonder MPP
iBond5000 Dual. Equipo manual Pull-
tester DAGE, 3000-100G*



- Realizaranse 4 unións por micro-soldadura de fío que unan, en calquera das 11 réplicas da placa de cerámica, o cadrado central con 4 das áreas de conexión (bonding pads) (**7 puntos**).
- Realizarase sobre algún dos catro fíos a proba destrutiva de resistencia de forza co dinamómetro de precisión (Pull-tester) que supere os 2 gramos (**5 puntos**)
- Realizarase sobre algún dos catro fíos a proba destrutiva de resistencia de forza co dinamómetro de precisión (Pull-tester) que supere os 6 gramos (**5 puntos**)

Fotografías da montaxe final:

Sinaturas do candidato e dos membros do tribunal: (en cada folla e nesta final) tras achegar as fotografías dos resultados de cada unha das partes.